

## Índice de vendas de comercio polo miúdo. Febreiro 2006 COMUNICADO

### As vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron en febreiro respecto ao mesmo mes do ano 2005

**No mes de febreiro de 2006 aumentaron as vendas do comercio polo miúdo en Galicia un 6,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo aumentou en febreiro de 2006 un 6,2% con respecto a febreiro de 2005 en termos correntes, cifra que se mantén cando se corrixe do efecto producido polo calendario. No que vai de ano o índice xeral creceu un 3,3%, un 2,5% se se mide en termos de serie corrixida de calendario.

A análise das vendas por produto vendido, en termos correntes, sinala un incremento en todas as tipoloxías estudadas. As vendas do grupo doutros produtos foi o que máis se incrementou, cunha taxa interanual do 10,4%, seguido do equipamento do fogar, que creceu un 6,3%. A venda de equipamento da persoa e de produtos de alimentación crece en menor medida, un 3,2% e un 1,8% respectivamente.

#### As vendas en grandes superficies non especializadas creceron un 6,5%

Por tipo de actividade e en termos correntes, o índice de comercio especializado aumentou un 6,1% e o do non especializado un 6,6%.

O índice de grandes superficies non especializadas presentou en febreiro de 2006 un incremento interanual do 6,5%.


### Índice de vendas de comercio polo miúdo. Febreiro 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	119,3	6,2%	3,3%
Xeral (corrixido de calendario)	118,6	6,2%	2,5%
<b>Por actividade</b>			
Especializado	114,7	6,1%	2,9%
Non especializado	125,0	6,6%	4,7%
Grandes superficies	136,6	6,5%	5,0%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo



No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)